



Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno

Número expediente PLN/2026/5

PLN/2026/5- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Sendo as dezanove horas e trinta e sete minutos do vinte e nove de abril do ano dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

| Cadro de asistencia | |
|--------------------------------------|-------------------|
| Concelleiro/a | Asistencia |
| Juan Domingo de Deus Fonticoba | Asiste |
| Jorge Manuel Kuntz Peiteado | Non asiste |
| Ana Varela Bastida | Asiste |
| Begoña María Gómez Díaz | Asiste |
| Patricia Ruíz de Azcárate Casteleiro | Asiste |
| Evaristo Deus Deus | Asiste |
| Verónica Fernández Varela | Asiste |
| Javier Cartelle Cudilleiro | Asiste |
| Ignacio Fernández Fernández | Asiste |
| José Ángel Martínez Bardanca | Asiste |
| Marta Ruiz del Ganso | Asiste |
| María Dolores González Lorenzo | Asiste |
| Iván Martínez González | Asiste |

O Alcalde-Presidente excusa a asistencia do concelleiro D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da titular do posto de intervención , Ana María Gómez Peña.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0005 Data: 19/05/2026

Cod. Validación: 46FN2CG6PC9C2KZLZ5WK3TTC
Corrección: <https://mugaros.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 12



Iníciase a sesión sen a presenza de D. Ignacio Fernández Fernández.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (2026-0004). Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e seis.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

| | | | | |
|------------------------|-----------|------------|------------------|-----------|
| Grupo municipal | PP (4) | BNG (3) | PSdG-PSOE (2) | EU (2) |
| Sentido do voto | A favor | A favor | A favor | A favor. |

2º. SECRETARÍA.- MODIFICACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO E FIXACIÓN DO DÍA E HORA DE CELEBRACIÓN. Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde dando conta do sentido da proposta.

Non subscitándose debate e sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

| | | | | |
|------------------------|-----------|------------|------------------|------------|
| Grupo municipal | PP (4) | BNG (3) | PSdG-PSOE (2) | EU (2) |
| Sentido do voto | A favor | Abstención | Abstención | Abstención |

En atención ao resultado acadado o Pleno presta aprobación á proposta de Alcaldía de vinte e dous de abril de dous mil vinte e seis, ao abeiro do establecido no artigo 212 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, adoptando o seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Modificar a periodicidade das distintas comisións informativas permanentes creadas na sesión plenaria realizada en data 05.07.2023, de forma que durante os meses de xullo e agosto pasen a realizar as súas sesións ordinarias cunha periodicidade mensual, e nos días e horas establecidos polas distintas comisións informativas nas sesións realizadas en data 19.02.2026, e que son os que figuran de seguido:

| COMISIÓN PERMANENTE | INFORMATIVA | DATAS E HORAS DE REALIZACIÓN DAS SESIÓN ORDINARIAS CORRESPONDENTES AO MESES DE XULLO E AGOSTO |
|--|--------------------|--|
| Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade | | Primeiro xoves dos meses de xullo e agosto, ás 8.30 horas. No caso de coincidir en día festivo, a sesión ordinaria realizarase o primeiro día hábil anterior. |
| Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs. | | Primeiro xoves dos meses de xullo e agosto, ás 09.30 horas. No caso de coincidir en día festivo, a sesión ordinaria realizarase o primeiro día hábil anterior. |
| Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Turismo | | Primeiro xoves dos meses de xullo e agosto, ás 10.30 horas. No caso de coincidir en día festivo, a sesión ordinaria realizarase o primeiro día hábil anterior. |
| Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica | | Primeiro xoves dos meses de xullo e agosto, ás 11.30 horas. No caso de coincidir en día festivo, a sesión ordinaria realizarase o primeiro día hábil anterior. |
| Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior. | | Primeiro xoves dos meses de xullo e agosto, ás 12:30 horas. No caso de coincidir en día festivo, a sesión ordinaria realizarase o primeiro día hábil anterior. |

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo que así se adopte ás diferentes Comisións, con publicación de anuncio no Portal de Transparencia do Concello.

Incorpórase á sesión o concelleiro D. Ignacio Fernández Fernández.

3°.-SECRETARÍA.-EXPEDIENTE 693/2026.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA N° 2026-0454 SOBRE PERSOAMENTO, EMPRAZAMENTO A POSIBLES PERSOAS INTERESADAS, REMISIÓN EXPEDIENTE E SOLICITUDE DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 0000060/2026 SEGUIDO PERANTE A PRAZA N°. 1 DA SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DE FERROL. Elévase á consideración do Pleno a ratificación do Decreto de Alcaldía núm. 2026-0454, de vinte e tres de abril de dous mil vinte e seis.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0005 Data: 19/05/2026



| Primeira quenda de intervencións | |
|----------------------------------|--|
| Grupo PSdG-PSOE | Solicita información sobre os antecedentes do expediente dende a deradeira elevación á consideración do Pleno. |
| Alcalde | Tras a adopción do acordo, a empresa solicita unha reunión para poder tratar das posibles discrepancias. Máis pese ao flado a empresa de xeito unilateral e pese ao falado na reunión, impuga o acordo de Pleno. Polo que o Concello debe defender os seus intereses. |

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

| | | | | |
|------------------------|-----------|------------|------------------|-----------|
| Grupo municipal | PP (4) | BNG (3) | PSdG-PSOE (3) | EU (2) |
| Sentido do voto | A favor | Abstención | Abstención | A favor |

En atención ao resultado acadado o Pleno ao abeiro do establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e correlativo da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Ratificar o Decreto de Alcaldía núm. 2026-0454, de vinte e tres de abril de dous mil vinte e seis e cada un dos seus pronunciamentos.

4º. SECRETARÍA.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG PARA APOIO Á CONFRARÍA DE PESCADORES DE SAN TELMO DE MUGARDOS E PARA A DEFENSA DO FUTURO DO SECTOR DO MAR NA RÍA DE FERROL. Escrito de moción elevada previamente á consideración da Xunta de Portavoces en sesión realizada con data dezaséis de abril de dous mil vinte e seis:

“**4.- DAR CONTA DAS MOCIÓNS PRESENTADAS, NO SEU CASO.**

4.1º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG PARA APOIO Á CONFRARÍA DE PESCADORES DE SAN TELMO DE MUGARDOS E PARA A DEFENSA DO FUTURO DO SECTOR DO MAR NA RÍA DE FERROL (2026-E-RPLN-4).

“...

MOCIÓN AO CONCELLO-PLENO: Para o apoio á Confraría de Pescadores San Telmo de Mugardos e para a defensa do futuro do sector do mar na ría de Ferrol **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:** Mugardos é unha vila historicamente vencellada ao mar. Durante décadas, a pesca e o marisqueo constituíron un dos principais motores económicos e sociais do municipio, sustentando numerosas familias e formando parte esencial da identidade colectiva da nosa comunidade.

Neste contexto destaca o papel da Confraría de Pescadores San Telmo de Mugardos, unha institución cos orixes en 1922, con máis dun século de historia que ao longo de xeracións desempeñou unha función fundamental na organización da actividade pesqueira e marisqueira, na defensa dos intereses das persoas profesionais do sector e na xestión responsable dos recursos mariños da ría.

Na actualidade a confraría agrupa a máis de setenta profesionais do mar e continúa a ser unha estrutura imprescindible para o funcionamento do sector, xa que as confrarías permiten organizar



a actividade extractiva, xestionar os bancos marisqueiros e representar ao colectivo ante as diferentes administracións.

Porén, o sector do mar na ría de Ferrol atravesa unha situación complexa. Nos últimos anos existíuse unha notable diminución das capturas e da produtividade, unha realidade agravada polos temporais recorrentes e polos períodos de paro biolóxico necesarios para favorecer a recuperación dos recursos.

Segundo os datos trasladados polos responsables da confraría, a facturación anual procedente das capturas reduciuse de arredor de 500.000 euros no ano 2024 a aproximadamente 300.000 euros no ano 2025, o que supón unha caída moi significativa dos ingresos da entidade. Mentres tanto, os custos estruturais da confraría —persoal, taxas portuarias, mantemento das instalacións e subministracións— mantéñense practicamente inalterables.

Cómpre lembrar ademais que as confrarías galegas non desenvolven unicamente actividade extractiva. Tamén desempeñan funcións de interese público, como a xestión e recuperación dos bancos marisqueiros, apoio á labores de investigación, a protección do medio mariño, a promoción dos produtos do mar ou a dinamización económica das vilas mariñeiras.

De feito, en distintos puntos de Galicia moitas confrarías están a impulsar iniciativas complementarias como proxectos de rexeneración ambiental, programas de valorización dos produtos do mar, actividades divulgativas ou iniciativas vencelladas ao turismo mariñeiro, contribuíndo así á diversificación da actividade e á creación de novas oportunidades económicas no territorio.

Emporiso, a crise nunha confraría non afectaría unicamente ás persoas profesionais do sector, senón tamén ao conxunto do tecido económico, social e cultural do municipio.

O Concello de Mugarbos, como administración máis próxima á cidadanía e ao tecido produtivo local, debe implicarse activamente na defensa do sector do mar e no apoio ás entidades que o sosteñen.

Defender o futuro da Confraría de San Telmo significa tamén preservar unha parte fundamental da nosa historia, apoiar a actividade económica local e contribuír ao mantemento dun sector que continúa a ter potencial de desenvolvemento para o noso municipio.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno do Concello de Mugarbos adopta os seguintes

ACORDOS

1 O Concello de Mugarbos manifesta o seu apoio institucional á Confraría de Pescadores San Telmo de Mugarbos e ás persoas profesionais do sector do mar do municipio.

2 O Concello de Mugarbos comprométese a manter unha relación de colaboración activa coa confraría e a promover unha mesa de traballo co obxectivo de analizar a situación actual do sector e estudar posibles medidas de apoio institucional.

3 O Concello de Mugarbos estudará a posibilidade de establecer un convenio anual de colaboración coa confraría, destinado a apoiar actuacións de interese público como a mellora e mantemento dos bancos marisqueiros, a protección ambiental da ría ou a promoción dos produtos do mar locais.

4 O Concello de Mugarbos comprométese a analizar a posta en marcha de liñas de apoio municipal para proxectos de diversificación da actividade, incluíndo iniciativas de turismo mariñeiro, programas divulgativos ou actividades de educación ambiental vinculadas á cultura mariñeira.



5 Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, a analizar a situación económica da confraría de Mugar dos e a adoptar medidas que contribúan a garantir a súa viabilidade.

6 Instar á Xunta de Galicia a impulsar un plan específico de recuperación produtiva da ría de Ferrol, reforzando os programas de rexeneración dos bancos marisqueiros e de recuperación ambiental.

7 Instar á Xunta de Galicia a habilitar liñas extraordinarias de apoio económico ás confrarías que se atopan en situación de dificultade, destinadas a garantir a continuidade da súa actividade e a cobertura dos gastos estruturais.

8 Instar á Xunta de Galicia a revisar as taxas aplicadas ás confrarías por parte de Portos de Galicia, valorando medidas de redución ou exención temporal cando a situación do sector así o requira.

9 Dar traslado dos presentes acordos á Xunta de Galicia, á Consellería do Mar, ao Parlamento de Galicia e á Confraría de Pescadores San Telmo de Mugar dos.”

Toma a palabra o **Alcalde**. Traslada que se intentaron distintas medidas de apoio á Confraría (convenio de colaboración ou alugueiro de local). Cando o Goberno local tentou renegociar os importes, se negaron. Engade que non existe constancia oficial no Concello da necesidade de axuda polo que o grupo municipal PP non vai a prestar apoio á moción presentada e carecendo o concello de competencias ao particular, invocarán a nulidade dos acordo que no seu caso se adopte.

Intervén de seguido a **portavoz do grupo municipal EU**. Considera que o problema da Confraría son as baixas que se producen por culpa dos bancos marisqueiros e do propio modelo de confrarías. Lembrando que no seu día a diferenza doutros concellos, non quizeron realizar actividades de turismo de marisqueo.

A continuación intervén o **portavoz do grupo PSdG-PSOE**. Se ben existe un problema a nivel autonómico, se deberían ter en conta as particularidades de Mugar dos sen que exista unha petición expresa de lo que precisan dirixida ao Concello para poder enfocar o obxecto da moción nesa dirección.

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para ser elevada á consideración do Pleno.”

| Primeira quenda de intervencións | |
|----------------------------------|--|
| Grupo BNG | Abre o exame deste punto da orde do día o concelleiro Evaristo Deus Deus. Traslada que tras a sesión da Xunta de Portavoces se advirte a existencia dun erro de interpretación respecto do pronunciamento terceiro que se retira do escrito de moción. Defende que a Confraría de Mugar dos é a máis antiga de Ferrolterra e representa un patrimonio histórico e inmaterial. |
| Grupo PSdeG-PSOE | O seu Grupo apoia á Confraría coa que se reuniron, máis existen pronunciamentos que exceden da competencia do Concello, considerando debería presentarse unha moción específica para Mugar dos, razón polo que van a votar en abstención. |
| Alcalde | Lembra que xa en sesión da Xunta de Portavoces comentou que este non é o procedemento máis axeitado e que se teñen algún problema que se dirixan ao Goberno Local, máis se cabe cando o Concello non posúe competencias e sí a Xunta de Galicia como acontece coa repoboación dos |



| | |
|------------------|---|
| | bancos marisqueiros. A elo se une que o Concello dispón de menos recursos polo que se está dando prioridade ás competencias propias. Remata a súa intervención indicando que a salvo que cambie a forma de xestión, as Confrarías están avocadas a desaparecer. |
| Grupo BNG | Os concelleiros/as como presentantes da veciñanza teñen dereito a promover a defensa dos seus intereses. Sorpréndelle que o Goberno local non adopte unha posición proactiva e espere que sexa a Confraría a que se poña en contacto con eles. |
| Grupo EU | Solicita do ponente da moción unha explicación do punto sétimo e lembra que no concello pecharon outros establecementos sen que ninguén se pronunciase. Insta ase mesmo a que se aclare se o cambio de xestión ou modelo polo que se está avogando nas Rías Baixas. |
| Grupo BNG | Pecha o debate instando ao Grupo EU a presenten as mocións que lles pareza oportunas en defensa dos intereses que consideren. |

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

| | | | | |
|------------------------|-----------|------------|------------------|------------|
| Grupo municipal | PP (4) | BNG (3) | PSdG-PSOE (3) | EU (2) |
| Sentido do voto | A favor | A favor | Abstención | Abstención |

En atención ao resultado acadado o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- O Concello de Mugardos manifesta o seu apoio institucional á Confraría de Pescadores San Telmo de Mugardos e ás persoas profesionais do sector do mar do municipio.

SEGUNDO.- O Concello de Mugardos comprométese a manter unha relación de colaboración activa coa confraría e a promover unha mesa de traballo co obxectivo de analizar a situación actual do sector e estudar posibles medidas de apoio institucional.

TERCEIRO. O Concello de Mugardos comprométese a analizar a posta en marcha de liñas de apoio municipal para proxectos de diversificación da actividade, incluíndo iniciativas de turismo mariñeiro, programas divulgativos ou actividades de educación ambiental vinculadas á cultura mariñeira.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, a analizar a situación económica da confraría de Mugardos e a adoptar medidas que contribúan a garantir a súa viabilidade.

QUINTO.- Instar á Xunta de Galicia a impulsar un plan específico de recuperación produtiva da ría de Ferrol, reforzando os programas de rexeneración dos bancos marisqueiros e de recuperación ambiental.



SEXTO.- Instar á Xunta de Galicia a habilitar liñas extraordinarias de apoio económico ás confrarías que se atopen en situación de dificultade, destinadas a garantir a continuidade da súa actividade e a cobertura dos gastos estruturais.

SÉTIMO. Instar á Xunta de Galicia a revisar as taxas aplicadas ás confrarías por parte de Portos de Galicia, valorando medidas de redución ou exención temporal cando a situación do sector así o requira.

OITAVO Dar traslado dos presentes acordos á Xunta de Galicia, á Consellería do Mar, ao Parlamento de Galicia e á Confraría de Pescadores San Telmo de Mugardos.”

4º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA AVANZAR EN IGUALDADE REAL E EFECTIVA FRONTE AO REARMAMENTO DO MACHISMO. .- Escrito de moción previamente elevado á

5º.- MOCIÓN URXENTES

Non se formulan.

6º.- URXENCIA.- XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS, ANUALIDADE 2026 (GES 2026). Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde explicando o sentido da urxencia xa que en función do prazo conferido non é posible demorar o acordo á vindeira sesión de Pleno.

Sometida ratificación da urxencia a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

| | | | | |
|------------------------|-----------|------------|------------------|-----------|
| Grupo municipal | PP (4) | BNG (3) | PSdG-PSOE (3) | EU (2) |
| Sentido do voto | A favor | A favor | A favor | A favor |

Non subscitándose debate ningún, e sometida a proposta de Alcaldía de vinte e nove de abril de dous mil vinte e tres a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

| | | | | |
|------------------------|-----------|------------|------------------|-----------|
| Grupo municipal | PP (4) | BNG (3) | PSdG-PSOE (3) | EU (2) |
| Sentido do voto | A favor | Abstención | Abstención | A favor |

En atención ao resultado acadado o **Pleno ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión realizada o 13.01.2025 polo que se manifestou a vontade do Concello de Mugardos de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, segundo texto obrante no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados da mesma e con suxeición plena a todas elas, establecendo como data efectiva de inicio da actividade o 01.01.2025.



SEGUNDO- Asumir as obrigas propias dos beneficiarios da subvención (artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia)

TERCEIRO.- Asumir a obriga de presentar no seu momento ou cando así se lle requira, a seguinte documentación:

- Memoria de actuación
- Conta xustificativa con certificación de gastos e pagos
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade
- Compromiso de dar difusión pública ao financiamento provincial
- Autorización á Deputación para obter directamente as certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa AEAT.
- Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña os datos persoais relacionados co seu contrato de traballo

CUARTO.- Facultar ao sr. Alcalde – Presidente, D. Juan Domingo De Deus Fonticoba, para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo.

9º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-

Consta na documentación remitida xunto coa convocatoria, dilixencia estendida por Secretaría de data vinte e tres de abril de dous mil vinte e seis:

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

INICIO ACTUACIÓN EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)” POS +2024. EXPEDIENTE 869/2021.- Realizado acto complementario de encintado e estaquillado da superficie obxecto de expropiación con data 25 de novembro de 2025 e asinado informe xurídico por secretaria con data 2 de decembro de 2025 segundo Anexo VI, con data 12 de decembro de 2025 (número rexistro de entrada 2025-E-RC-5285), comunícase pola Deputación da Coruña Resolución pola que se levanta a condición e se aproba definitivamente o investimento incluído no POS+2024 (código 2024.2000.0189.0). Formado expediente de contratación, e unha vez concedida prórroga pola Deputación Provincial, en materia de estradas, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 9 de abril de 2026, procedéuse a prestar aprobación ao expediente de contratación, publicándose anuncio de licitación no perfil de contratante o día 16 de abril de 2026.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2025-0743, SOBRE APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO ACONDICIONAMENTO CLUB



DO MAR.- Achegouse certificación ao expediente, estando pendente de dar cumprimento a requirimento efectuado pola Deputación provincial.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 2ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2025. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña. Con data 29 de outubro de 2025, número rexistro de entrada 2025-E-RC-4663, recíbese informe desfavorable de supervisión de proxectos da Deputación provincial, practicándose requirimento ao equipo redactor do proxecto (número rexistro de saída 2025-S-RE-3232, de 30 de outubro de 2025). Mediante Resolución de Alcaldía núm. 2025-1605, de 15 de decembro, prestouse aprobación ao proxecto emendado presentado con data 12 de decembro de 2025 (número rexistro de entrada 2025-E-RE-3157), téndose remitido o citado proxecto á Deputación Provincial de A Coruña. Téndose dado cumprimento ao requirimento efectuado pola Deputación Provincial mediante a presentación de documento contable acreditativo da existencia de crédito por parte do concello para a realización do investimento con incremento orzamentario.

EXPEDIENTE 1816/2024.- POS + ADICIONAL 4/2025.- INVESTIMENTO FINANCIERAMENTE SOSTIBLE: RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PEDREIRA. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 4/2025” da Deputación Provincial da Coruña, estando pendente de dar cumprimento ás condicións que figuran na Resolución de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia non podendo comezar as obras ata autorización dun proxecto de control e seguimento arqueolóxico, asinado por técnico competente, co fin poder dar así cumprimento ao requirimento efectuado pola Deputación Provincial.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG PARA A RECUPERACIÓN DO PATRIMINIO E A IDENTIDADE: INSTITUCIÓN ESCOLAR FRANZA E O SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente remitiuse á alcaldía copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado, e deuse traslado do citado acordo ao Arzobispado de Santiago de Compostela e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia; téndose formulado alegacións polo Arzobispado de Santiago de Compostela.

EXPEDIENTE 36/2021.- PETICIÓN DE REVISIÓN DE PREZOS CONTRATO SERVIZO AXUDA AO FOGAR. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e notificouse á empresa peticionaria. Téndose interposto, pola empresa peticionaria, recurso de reposición contra o acordo plenario con data 13 de marzo de 2026 (número rexistro de entrada 2026-E-RE-795), en estado de tramitación-

EXPEDIENTE 31/2026. CONVENIO (APROBACIÓN, MODIFICACIÓN OU EXTINCIÓN. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL, E SEAGA, EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e solicitouse a adhesión ao convenio. Notificóuselle ao Concello, pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, a aprobación da solicitude de adhesión,

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0005 Data: 19/05/2026

Cod. Validación: 46FN2CG6PC9C2KZLZ5WK3TTC
Corrección: https://municipios.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 12



téndose asinado pola Alcaldía do Concello de de Mugardos, en data 16.04.2026, o modelo de formalización da adhesión ao Convenio.

EXPEDIENTE 32/2026.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/2026. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 33 de 19 de febreiro de 2026, téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, segundo consta en certificación de secretaría comprensiva de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 63, de data 07.04.2026, anuncio de aprobación definitiva expediente de modificación de créditos MC 01/2026, de créditos extraordinarios financiados con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos.

SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 2543/2025. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2026. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña, estando pendente de dar cumprimento a requirimentos efectuados pola Deputación provincial no que atinxe á obtención de autorización para a realización das obras de “Mellora de camiños municipais: Vial de Lodairo a Seselle” e “Mellora do firme con mezcla bituminosa en quente nun tramo do camiño en Franza de Abaixo - San Vitorio”

ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN XUNTA E FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL. Uniuse certificación do acordo ao expediente.”

8º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2026-0319 AO 2026-0450.

O Pleno da por realizado o trámite.

ROGOS E PREGUNTAS.

| Preguntas |
|------------------|
| Non se formulan |

| Rogos | |
|---------------------|--|
| Portavoz EU | |
| Portavoz BNG | Solicite que se eleve á consideración da CIP correspondente a documentación relativa aos terreos lindantes co pabellón do Cristo. Roga que se forme un orzamento xeral da Corporación. Roga que se pague ás Asociacións. |
| Alcalde | A documentación relativa aos terreos lindantes co pabellón do Cristo elevarase á consideración da CIP. |



Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte horas e doce minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:
55a4e6e86f241fa3a5974043a110bccdc02ad9a6bf7de8544fa616c562dfda5925f518c399c32de8fba258cec55419e4f8e9e8fcd6d4ee7236c1e778408db400

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0005 Data: 19/05/2026

Cod. Validación: 46FN2CG6PC9C2KZLZ5WK3TTC
Corrección: <https://mujardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

